



ORZAMENTOS DE 2012

II. ORZAMENTOS DE 2012

Os orzamentos que se presentan neste documento son os aprobados como iniciais para o ano 2011, para as catro deputacións galegas, presentados aquí de xeito sistemático e conxunto, coa mesma metodoloxía das memorias das deputacións dos anteriores orzamentos.

Os orzamentos preséntanse segundo a clasificación económica, de acordo coa Orde do Ministerio de Economía e Facenda, EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais. Figuran, en primeiro lugar, o orzamento-suma das catro deputacións e, a continuación, o de cada unha delas coa desagregación ao nivel de capítulos, no tocante á clasificación económica de ingresos e gastos, e ademais, segundo programas de gasto.

A descrición dos orzamentos provinciais comeza cunha distribución do total entre as catro e a comparativa co ano anterior, presentada tanto en termos absolutos, en euros, como en termos per cápita (coa poboación a 1 de xaneiro de 2011, datos provisionais do Instituto Galego de Estatística)

Séguelle a presentación, nunha táboa, da distribución por capítulos e agregados orzamentarios principais do ano 2011, cos importes e porcentaxes respecto do total, xunto á comparativa co orzamento inicial do ano anterior, mostrando as variacións en porcentaxe, de cada capítulo e agregado.

Así mesmo reflíctese nunha gráfica a comparativa entre os anos 2011 e 2010 dos diferentes pesos porcentuais por capítulos.

Os orzamentos que figuran nesta memoria son os resultantes da consolidación entre os das deputacións e os organismos autónomos, unha vez descontadas as transferencias internas, para as entidades provinciais de Lugo, Ourense e Pontevedra, mentres que no caso da Coruña non é necesaria dita consolidación.

Así, a organización das deputacións no orzamento é a seguinte:

1. Deputación da Coruña
2. Deputación de Lugo:
 - a) Orzamento da propia deputación
 - b) Instituto Lucense de Desenvolvemento Económico e Social (IN.LU.D.E.S)
 - c) Sociedade Urbanística Provincial
3. Deputación de Ourense,
 - a) Orzamento da propia deputación
 - b) Instituto Ourense de Desenvolvemento Económico (IN.OR.D.E)
 - c) Padroado Provincial de Turismo

4. Deputación de Pontevedra,
 - a) Orzamento da propia deputación
 - b) Escola Universitaria de Enfermería
 - c) Instituto para a Promoción e Equipamento de Solo Industrial da Provincia de Pontevedra (I.P.E.S.P.O.)
 - d) Escola de Canteiros
 - e) Museo Provincial
 - f) Padroado de Turismo
 - g) Caixa de Anticipos
 - h) Organismo Autónomo Provincial de Xestión de Recursos Locais (O.R.A.L.)

II.1. INGRESOS

II.1.1. TOTAL DEPUTACIÓNS/GALICIA

A principal característica dos orzamentos provinciais de 2011 é a diminución respecto de 2010, co que se reflicten baixadas xeneralizadas por segundo ano consecutivo. O descenso cuantifícase en 83,2 millóns de € menos para as arcas provinciais de Galicia en 2011, que se os engadimos aos 50,3 millóns de € de descenso en 2010 respecto de 2009, suman xa 133,5 millóns menos en dous anos.

A suma dos catro orzamentos provinciais iniciais ascende a 477.409.713 €, nos que o orzamento provincial da Coruña, como nos anos anteriores segue a ser o de maior importe, xa que con 175 millóns de € absorbe o 36,7% do total, gañando case 5 puntos porcentuais en cada provincia sobre o total de Galicia. Isto foi debido, sobre todo, á importante diminución na corporación provincial de Lugo, cuxo orzamento consolidado pasa dos 143,7 aos 92,1 millóns de €, variando dun peso relativo do 25,6% sobre o total en 2010 ao 19,3% en 2011, é dicir unha perda porcentual de 6,3 puntos.

O orzamento da deputación de Pontevedra descende dos 153,2 millóns de € aos 137, o que representa unha diminución interanual do 10,6% e, sen embargo, medra lixeiramente o seu peso relativo no total orzamentario das catro deputacións, continuando co segundo lugar en importe absoluto.

O orzamento da deputación de Ourense é o que menor variación sofre no que atinxe a porcentaxe sobre o total, malia o descenso de case 12 millóns de € no seu orzamento.

Se a comparativa se refire a importes per cápita, obsérvase un descenso de 29 €/hab, para a media de Galicia, xa que pasa dos 200€/hab. en 2010 aos 171€/hab. en 2011. Neste sentido o resultado de Lugo é o que presenta o maior descenso, 145 €/hab. menos que en 2010, xa que descende dos 407€/hab. aos 262 €/hab. No outro extremo, coa menor

variación, está o resultado do orzamento per cápita da Coruña, cunha minoración de 3 €/hab.

Malia o acusado descenso do orzamento lugués, segue a ser o de maior contía en termos per cápita dos catro orzamentos, seguido polo de Lugo. Os orzamentos das provincias máis poboadas, Pontevedra e A Coruña son menores ca os anteriores ao reflectilos en relación a súa poboación.

Se observamos os descensos producidos desde o orzamento de 2009, as minoracións dos orzamentos iniciais en relación á poboación de cada ano, ofrecen un descenso total de 48€/hab. para a media de Galicia, cunha oscilación entre os 23€/hab. da Coruña aos 138€/hab. de Lugo.

PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DO ORZAMENTO DE INGRESOS DO TOTAL DAS DEPUTACIÓNS

Na primeira aproximación, dos principais agregados de ingresos, despréndese que o total do orzamento elévase a 477.409.712€, cun descenso interanual do 14,8%, dos que:

- O 96,4% son ingresos non financeiros, compostos á súa vez por: operacións correntes, o 89,8%, e por operacións de capital, que abarcan o 6,5% do total
- E o restante 3,6% son operacións financeiras.

A maior variación respecto do orzamento de 2010, estriba no acusado descenso dos ingresos financeiros, que pasan dos 75,1 millóns de € aos 17,1 en 2011, o que representa unha diminución interanual do 77,3%, o que conduce a unha perda importante na estrutura de ingresos deste tipo de recursos financeiros, xa que queda cunha porcentaxe do 3,6% respecto do total, fronte ao 13,4% que tiña en 2010.

Paralelamente as operacións non financeiras medran a súa proporción respecto do total pasando do 86,6% ao 96,4% malia o descenso producido de 25,2 millóns de €, xa que foi menor que a diminución do total, co 5,2%.

O agregado de operacións correntes non varía entre os anos 2011 e 2010, cun importe de 429 millóns de €, aínda que a variación dos demais agregados fan que a súa porcentaxe sobre o total de ingresos medre do 76,6% en 2010 ao 89,9% de 2011.

Os ingresos de capital reflicten unha tendencia distinta xa que descenden de xeito acusado, con 25 millóns de € menos e o 44,5% menos ca 2010.

Os agregados intermedios conteñen as seguintes liñas principais:

- As transferencias correntes (capítulo IV) son as de maior porcentaxe respecto do total dos recursos, con 328,7 millóns de € e o 68,8%. Neste capítulo, como vén sendo habitual na composición dos orzamentos das entidades

locais, a partida de maior presenza é a Participación nos ingresos do Estado. Este predominio do capítulo IV medra neste orzamento, xa que con 9,6 millóns de € mais ca 2010 (o que representa o 3% de incremento interanual), fai medrar o peso porcentual, agudizando a dependencia financeira dos orzamentos provinciais de Galicia, pasando do 56,9% ao 68,8% en 2011.

- Os ingresos tributarios (capítulos I, II e III) son o segundo agregado intermedio, xa que absorben o 18,7% do total dos ingresos previstos inicialmente. O seu importe sofre unha caída respecto de 2010, xa que varía dos 98,1 millóns de € aos 89,2 en 2011, o que representa un descenso interanual porcentual do 9%; mentres que de xeito paradoxal o seu peso porcentual na estrutura de ingresos medra en 1,2 puntos, pasando do 17,5% ao 18,7% debido a que descenden en menor proporción que o total.
- Os *impostos directos* sobre a renda das persoas físicas, sobre as actividades económicas e as recargas provinciais (capítulo I), son os de maior importe e peso porcentual. Non varían a súa cifra respecto de 2010, e representan o 7,7% do total de recursos, constituíndose no segundo capítulo en peso porcentual na estrutura de ingresos, logo das transferencias correntes, e ganaron 1,2 puntos porcentuais na estrutura de ingresos respecto de 2010.
- As *taxas, prezos públicos e outros ingresos* (capítulo III), experimentan unha importante diminución respecto da cifra de 2010, achegándose aos 28,9 millóns de €, 10,2 millóns menos que os estimados no orzamento inicial de 2010, que conducen a unha perda dun punto porcentual na estrutura de ingresos, situándose no 6%.
- O capítulo II de *impostos indirectos*, onde se recollen o imposto sobre o valor engadido e sobre consumos específicos (alcohol e bebidas derivadas, sobre labores de tabaco e sobre hidrocarburos, entre outros), experimenta un incremento de 1,2 millóns de € respecto da cifra de 2010, acadando os 23,6 millóns de € e unha porcentaxe do 4,9% sobre o total de recursos das facendas provinciais.
- Os ingresos patrimoniais, seguen a presentar unha porcentaxe en torno ao 2%, aínda que a cifra diminuíu nun 7,7% respecto a consignada en 2010.

Ata aquí, figuran os ingresos consignados por operacións correntes que, como se dicía, representan en total o 89,9% de ingresos polo que, como se verá, as partidas que a continuación se describen, teñen unha representación máis cativa.



- As transferencias de capital experimentan unha caída de máis da metade, pasando dos 50,7 millóns de € de 2010 aos 23,1 de 2011, o que ademais conduce a unha perda de porcentaxe sobre o total de recursos de 2,4 puntos, pasando a representar o 4,8% do total do orzamento de ingresos.
- Este descenso unido ao experimentado polo alleamento de investimentos reais, capítulo VI, conduce a que os ingresos por operacións de capital, dimi-

núan en 25 millóns, e perdendo peso na estrutura de ingresos: do 10% que tiñan no orzamento inicial de 2010 das catro deputacións ao actual 6,5%.

- Malia os importantes descensos interanuais descritos ata agora, son os ingresos consignados por operacións financeiras os que en maior medida reflicten a contención e austeridade orzamentaria, xa que caen en 58 millóns de €, pasando dos 75,1 millóns de € aos 17,1 o que produce unha perda significativa na composición de ingresos: 9,8 puntos porcentuais menos na estrutura de ingresos, pasando do 13,4% ao 3,6% actual.
- Esta importante diminución ven motivada pola redución drástica da apelación ao crédito, *Variación de pasivos financeiros* (capítulo IX) que cae nun 80% respecto a 2010. Esta tendencia maniféstase nos orzamentos provinciais de Ourense e Pontevedra, nos que non se estima recorrer ao crédito para o financiamento de investimentos no orzamento de 2011. Nos orzamentos da Coruña e Lugo, teñen consignación do capítulo IX, pero as cifras dos créditos son menores cas do ano anterior.



TOTAL INGRESOS NA COMUNIDADE AUTÓNOMA 2010-2011

	Ano 2010	%	Ano 2011	%
A Coruña	178.513.500	31,8%	175.045.000	36,7%
Lugo	143.695.391	25,6%	92.112.202	19,3%
Ourense	85.190.781	15,2%	73.205.471	15,3%
Pontevedra	153.240.616	27,3%	137.047.040	28,7%
Galicia	560.640.289	100,0%	477.409.713	100,0%





TOTAL INGRESOS PER CÁPITA NA COMUNIDADE AUTÓNOMA 2010-2011

	Ano 2010	Ano 2011
A Coruña	156	153
Lugo	407	262
Ourense	254	220
Pontevedra	159	142
Galicia	200	171




TOTAL DE INGRESOS DAS DEPUTACIÓNS

TOTAL DEPUTACIÓNS		
ORZAMENTO DE INGRESOS (€)		
Operacións non financeiras	460.347.343	96,4%
Operacións correntes	429.135.612	89,9%
Operacións de capital	31.211.731	6,5%
Operacións financeiras	17.062.370	3,6%
TOTAL	477.409.713	100,0%
INGRESOS TOTAL DEPUTACIÓNS		
Ingresos tributarios (I, II, III)	89.224.859	18,7%
Transf. correntes (IV)	328.663.209	68,8%
Ingresos patrimoniais (V)	11.247.544	2,4%
Operacións de capital (VI, VII)	31.211.731	6,5%
Operacións financeiras (VIII, IX)	17.062.370	3,6%
TOTAL	477.409.713	100,0%



TOTAL DEPUTACIÓNS
ORZAMENTO DE INGRESOS

CAPÍTULOS	2010		Increm. % Interanual	2011	
	IMPORTE (€)	%		IMPORTE (€)	%
OPERACIÓNS NON FINANCIERAS					
I. Impostos Directos	36.592.810	6,5	0,5	36.785.849	7,7
II. Impostos Indirectos	22.395.012	4,0	5,2	23.558.907	4,9
III. Taxas e Outros ingresos	39.064.191	7,0	-26,1	28.880.103	6,0
<i>Ingresos tributarios</i>	<i>98.052.013</i>	<i>17,5</i>	<i>-9,0</i>	<i>89.224.859</i>	<i>18,7</i>
IV. Transferencias Correntes	319.095.347	56,9	3,0	328.663.209	68,8
V. Ingresos Patrimoniais	12.179.994	2,2	-7,7	11.247.544	2,4
Operacións correntes	429.327.354	76,6	-0,0	429.135.612	89,9
VI. Alleamento Investimentos Reais	15.547.283	2,8	-47,7	8.125.952	1,7
VII. Transferencias de Capital	40.679.601	7,3	-43,2	23.085.779	4,8
Operacións de capital	56.226.884	10,0	-44,5	31.211.731	6,5
Operacións non financeiras	485.554.238	86,6	-5,2	460.347.343	96,4
OPERACIÓNS FINANCIERAS					
VIII. Variación Activos Financeiros	3.086.050	0,6	-8,9	2.812.370	0,6
IX. Variación Pasivos Financeiros	72.000.000	12,8	-80,2	14.250.000	3,0
Operacións financeiras	75.086.050	13,4	-77,3	17.062.370	3,6
TOTAL INGRESOS	560.640.288	100,0	-14,8	477.409.713	100,0



II.1.2. EVOLUCIÓN DE INGRESOS DO PERÍODO 2002-2011

De seguido preséntase unha síntese da senda manifestada polos orzamentos iniciais das deputacións galegas nos últimos 10 anos, referida ao total de recursos consignados e aos ingresos tributarios.

Total de ingresos

O total do orzamento de ingresos nestes dez anos medrou de xeito continuado (en termos de euros correntes de cada ano), cunha taxa interanual media do 2,1%, ata 2009, e o 54% de diferenza entre os anos 2002 e 2009. Nos dous últimos anos, pola contra, acumulouse un descenso do 24,4%.

No período 2002-2011 maniféstase que o orzamento de maior incremento interanual medio foi o de Pontevedra, co 2,7%, seguido polo de Lugo co 2,6%, ambos os dous por riba do total das catro deputacións. No outro extremo, o orzamento da deputación de Ourense é o que menos medrou, xa que tivo unha taxa media do 0,9%, o que o mantén como o de menor cifra dos catro.

O orzamento da deputación da Coruña tivo unha taxa do 1,9% e segue a manter os orzamentos de maior tamaño das catro deputacións en todos os anos do período analizado.

A caída dos recursos nos últimos dous anos evidenciase en maior medida nos orzamentos das dúas deputacións que mantiñan un maior ritmo de crecemento (Lugo e Pontevedra) que presentan caídas acumuladas do 35,2 e 24,4% e que provocou que os seus orzamentos retrocederan ata os niveis de 2004 no caso de Lugo e de 2005 no caso de Pontevedra. Mentres, as menores reducións orzamentarias experimentáronse nas de crecemento máis suave, A Coruña co 13,1% e Ourense co 14,9%.

Tal e como se pode ver na gráfica de liñas, o orzamento da Coruña tivo en todos os anos do período a maior contía, e a brecha existente entre os orzamentos das deputacións de Pontevedra e Coruña reduciuse considerablemente coa de Lugo, sobre todo no ano 2006 no que esta última superou na cifra de ingresos estimados á de Pontevedra, ata o inicio da crise, reflectida no orzamento inicial de 2010.



Na actualidade a cifra orzamentaria nas deputacións de Lugo e Ourense, (esta última mantivo unha traxectoria máis plana en todos os anos e o menor importe das catro), está moi por debaixo das de Pontevedra e A Coruña, polo que volven a mostrar diverxencia entre elas.

Se engadimos a variable poboacional, tomando en todos os anos do período as cifras provisionais de poboación, obsérvase claramente a gran diferenza entre a cifra do orzamento da deputación de Lugo, que partindo xa en 2002 da maior cifra per cápita, de 201 €, foi aumentando a diferenza ao longo do período, acadando en 2006 o seu teito, cun

valor de 446€/hab, tres veces superior ao importe da Coruña, e o dobre que o de 2002. En 2007 presentou un descenso interanual seguido por novos incrementos, ata chegar á cifra de 2011, con 262€/hab. coa que reduce considerablemente a superioridade que mantiña co resto.

TOTAL ORZAMENTO INGRESOS

											Milións de euros	
	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	Incremento interanual medio	
A Coruña	147,5	146,1	159,4	160,9	166,8	179,2	197,3	201,4	178,5	175,0	1,9%	
Lugo	73,2	79,8	102,0	105,3	159,0	139,3	153,7	142,1	143,7	92,1	2,6%	
Ourense	67,5	75,1	79,1	85,6	77,2	71,8	77,6	86,1	85,2	73,2	0,9%	
Pontevedra	107,6	114,8	125,1	141,5	145,8	175,1	161,2	181,3	153,2	137,0	2,7%	
Galicia	395,9	415,8	465,6	493,4	548,9	565,5	589,7	610,9	560,6	477,4	2,1%	



Ingresos tributarios

A evolución da cifra de ingresos tributarios (impostos directos, indirectos e as taxas, prezos públicos e outros ingresos) presentou un crecemento nos anos do período 2002-2011 de maior intensidade que o total de ingresos, presentando unha taxa de crecemento medio interanual do 10,1% para o total das catro deputacións. Tivo unha traxectoria de estancamento e descenso moderado nos tres primeiros anos ata o 2005, motivado pola nova lexislación das facendas locais. Nese exercicio, a cifra experimentara un importante crecemento, máis que duplicando a contía de 2004, cun incremento interanual do 119%. A partir dese exercicio os ingresos tributarios presentaron unha traxectoria de crecementos continuados máis moderados, ata os dous últimos anos, nos que acumulou un descenso do 12,4% (menor que o total de ingresos).

As traxectorias da cifra de ingresos tributarios presentan dous grupos claramente diferenciados: por unha banda, a senda reflectida polo orzamento da Deputación de Ourense, que ademais de mostrar en todos os anos do período analizado a cifra máis baixa, tamén foi a de menor ritmo de crecemento, o que derivou nun maior distanciamento ou maior brecha coas outras deputacións.

Por outra banda, o outro grupo de traxectorias, formado polo resto de orzamentos provinciais, manifesta que se ben nos tres primeiros anos as cifras de ingresos tributarios eran moi próximas entre si, a partir de 2005, foise abrindo unha maior diferenza, presentando neses anos o orzamento de Lugo o menor importe, aínda que foi converxendo coas outras dúas deputacións cuns ritmos de crecementos maiores, ata que en 2010 presentaron cifras moi preto unhas das outras. En 2011 prodúcese un novo mínimo na cifra do orzamento da deputación de Lugo, cunha forte caída, do 38,6%, que fai diverxer a súa cifra.

Como se observa na táboa adxunta, os ingresos tributarios do orzamento da deputación de Pontevedra foron os que medraron a un maior ritmo, cunha taxa media interanual do 13,4%, moi superior as taxas dos orzamentos de Lugo e Ourense. Tamén Pontevedra tivo maior crecemento, se descontamos da senda os dous últimos exercicios, que foron os que presentaron descensos, de xeito que ata 2009, no orzamento de Pontevedra, a taxa media de crecemento foi do 18,2%, superior á taxas dos orzamentos coruñeses e ourensáns.



Ao ter en conta o tamaño poboacional, obsérvase que ao inicio do período, en 2002 había importes per cápita distribuídos en dous grupos claramente diferenciados: por unha banda o resultado do orzamento inicial de ingresos de natureza tributaria en Lugo, o de maior cifra, e pola outra banda os restantes orzamentos con cifras moi similares. Así o de Lugo era case tres veces superior ao resto.

Esta tendencia mantívose ata o 2004, exercicio a partir do cal, os datos consignados nos orzamentos da Deputación de Ourense foron mostrando unha maior diverxencia co grupo, presentando un ritmo de crecemento máis baixo, aínda que esta diferenza

reduciuse en 2010, ao diminuír os orzamentos de Pontevedra e A Coruña e medrar o de Ourense. No que respecta á senda máis alta, a reflectida polo orzamento lucense, tivo uns importantes incrementos en 2008 e 2009, caendo á súa cifra desde ese ano, presentando en 2011 unha cifra similar á de 2006.

INGRESOS TRIBUTARIOS

	Millóns de euros										Inc. interanual medio
	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	
A Coruña	13,0	11,7	9,2	30,1	30,5	32,1	34,6	37,3	35,1	36,2	12,0%
Lugo	10,8	10,9	10,4	14,9	17,4	15,1	26,2	28,9	29,9	16,5	4,8%
Ourense	3,8	3,9	1,5	1,9	2,6	4,2	4,1	4,4	6,6	6,4	5,9%
Pontevedra	9,7	11,1	11,2	23,8	25,5	28,2	30,5	31,3	29,4	30,1	13,4%
Galicia	37,4	37,6	32,2	70,7	76,0	79,6	95,4	101,9	98,1	89,2	10,1%



INTRODUCCIÓN AOS ORZAMENTOS INDIVIDUAIS DE INGRESOS POR DEPUTACIÓN

A continuación descríbense graficamente, de xeito individual, os orzamentos de ingresos de cada unha das deputacións provinciais, coa seguinte secuencia de datos expresivos das principais variables orzamentarias:



- En primeiro lugar, descríbese nunha mesma páxina a estrutura básica dos ingresos, como se reflicte nunha táboa sintética que recolle os importes de operacións correntes e de capital, que conforman os ingresos non financeiros e as súas porcentaxes respecto do total. Así mesmo figuran os gráficos de distribución dos diferentes compoñentes de ingresos.
- En segundo lugar, figura a táboa comprensiva do orzamento inicial 2011, como resultado do estado da consolidación cos Organismos Autónomos (O.O.AA.), e a comparación co orzamento do ano 2010. Así mesmo figura un gráfico coas diferentes porcentaxes de cada capítulo de gastos en 2011 e 2010.
- En terceiro lugar, descríbese a evolución no período 2002-2011 do total dos orzamentos de ingresos e dos ingresos tributarios.

Os datos refírense a euros correntes de cada ano e móstranse coa seguinte orde:

- Táboa comprensiva dos datos da variable obxecto da evolución, expresada en millóns de euros, de cada deputación e a súa comparativa do total de deputacións (Galicia), e a taxa de crecemento interanual (%).
- Gráfico de traxectorias, cos datos da táboa anterior (millóns de euros).
- Gráfico coas traxectorias de cada deputación e a media de Galicia, en termos de euros por habitante.


II.1.3. ORZAMENTO DE INGRESOS DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA

ORZAMENTO A CORUÑA (€)		
Operacións non financeiras	165.315.000	94,4%
Operacións correntes	157.094.769	89,7%
Operacións de capital	8.220.231	4,7%
Operacións financeiras	9.730.000	5,6%
TOTAL	175.045.000	100,0%
INGRESOS A CORUÑA		
		%
Ingresos tributarios (I, II, III)	36.195.971	20,7%
Transf. correntes (IV)	116.776.887	66,7%
Ingresos patrimoniais (V)	4.121.911	2,4%
Operacións de capital (VI, VII)	8.220.231	4,7%
Operacións financeiras (VIII, IX)	9.730.000	5,6%
TOTAL	175.045.000	100,0%



DEPUTACIÓN DA CORUÑA
ORZAMENTO DE INGRESOS



CAPITULOS	2010		Increm. % Interanual	2011	
	IMPORTE (€)	%		IMPORTE (€)	%
OPERACIÓNS NON FINANCIERAS					
I. Impostos Directos	16.898.870	9,5	5,3	17.790.389	10,2
II. Impostos Indirectos	10.397.690	5,8	1,4	10.540.897	6,0
III. Taxas e Outros ingresos	7.842.120	4,4	0,3	7.864.685	4,5
<i>Ingresos tributarios</i>	35.138.680	19,7	3,0	36.195.971	20,7
IV. Transferencias Correntes	112.810.727	63,2	3,5	116.776.887	66,7
V. Ingresos Patrimoniais	5.043.361	2,8	-18,3	4.121.911	2,4
Operacións correntes	152.992.768	85,7	2,7	157.094.769	89,7
VI. Alleamento Investimentos Reais	2.600.400	1,5	0,0	2.600.400	1,5
VII. Transferencias de Capital	10.190.332	5,7	-44,9	5.619.831	3,2
Operacións de capital	12.790.732	5,7	-35,7	8.220.231	4,7
Operacións non financeiras	165.783.500	91,4	-0,3	165.315.000	94,4
OPERACIÓNS FINANCIERAS					
VIII. Variación Activos Financeiros	730.000	0,4	0,0	730.000	0,4
IX. Variación Pasivos Financeiros	12.000.000	6,7	-25,0	9.000.000	5,1
Total Operacións financeiras	12.730.000	7,1	-23,6	9.730.000	5,6
TOTAL INGRESOS	178.513.500	100,0	-1,9	175.045.000	100,0



A CORUÑA
TOTAL ORZAMENTO INGRESOS

Millóns de euros



	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	Inc. interanual medio
A Coruña	147,5	146,1	159,4	160,9	166,8	179,2	197,3	201,4	178,5	175,0	1,9%
Galicia	395,9	415,8	465,6	493,4	548,9	565,5	589,7	610,9	560,6	477,4	2,1%



A CORUÑA
INGRESOS TRIBUTARIOS



Millóns de euros

	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	Inc. interanual medio
A Coruña	13,0	11,7	9,2	30,1	30,5	32,1	34,6	37,3	35,1	36,2	12,0%
Galicia	37,4	37,6	32,2	70,7	76,0	79,6	95,4	101,9	98,1	89,2	10,1%




II.1.4. ORZAMENTO DE INGRESOS DA DEPUTACIÓN DE LUGO

ORZAMENTO LUGO (€)		
Operacións non financeiras	86.492.202	93,9%
Operacións correntes	75.142.301	81,6%
Operacións de capital	11.349.901	12,3%
Operacións financeiras	5.620.000	6,1%
TOTAL	92.112.202	100,0%
INGRESOS LUGO		
		%
Ingresos tributarios (I, II, III)	16.529.476	17,9%
Transf. correntes (IV)	54.995.825	59,7%
Ingresos patrimoniais (V)	3.617.000	3,9%
Operacións de capital (VI, VII)	11.349.901	12,3%
Operacións financeiras (VIII, IX)	5.620.000	6,1%
TOTAL	92.112.202	100,0%



DEPUTACIÓN DE LUGO
ORZAMENTO DE INGRESOS



CAPITULOS	2010		Increm. % Interanual	2011	
	IMPORTE (€)	%		IMPORTE (€)	%
OPERACIONES NON FINANCIERAS					
I. Impostos Directos	5.541.360	3,9	-7,7	5.114.560	5,6
II. Impostos Indirectos	3.316.662	2,3	8,4	3.596.500	3,9
III. Taxas e Outros ingresos	18.065.086	12,6	-56,7	7.818.416	8,5
<i>Ingresos tributarios</i>	26.923.109	18,7	-38,6	16.529.476	17,9
IV. Transferencias Correntes	56.791.745	39,5	-3,2	54.995.825	59,7
V. Ingresos Patrimoniais	3.661.000	2,5	-1,2	3.617.000	3,9
Operacións correntes	87.375.854	60,8	-14,0	75.142.301	81,6
VI. Alleamento Investimentos Reais	10.941.783	7,6	-52,5	5.200.452	5,6
VII. Transferencias de Capital	7.447.754	5,2	-17,4	6.149.450	6,7
Operacións de capital	18.389.538	12,8	-38,3	11.349.901	12,3
Operacións non financeiras	105.765.391	73,6	-18,2	86.492.202	93,9
OPERACIONES FINANCIERAS					
VIII. Variación Activos Financeiros	430.000	0,3	-14,0	370.000	0,4
IX. Variación Pasivos Financeiros	37.500.000	26,1	-86,0	5.250.000	5,7
Operacións financeiras	37.930.000	26,4	-85,2	5.620.000	6,1
TOTAL INGRESOS	143.695.391	100,0	-35,9	92.112.202	100,0



LUGO
TOTAL ORZAMENTO INGRESOS

Millóns de euros



	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	Inc. interanual medio
Lugo	73,2	79,8	102,0	105,3	159,0	139,3	153,7	142,1	143,7	92,1	
Galicia	395,9	415,8	465,6	493,4	548,9	565,5	589,7	610,9	560,6	477,4	2,1%



LUGO
INGRESOS TRIBUTARIOS


Millóns de euros

	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	Inc interanual medio
Lugo	10,8	10,9	10,4	14,9	17,4	15,1	26,2	28,9	26,9	16,5	4,8%
Galicia	37,4	37,6	32,2	70,7	76,0	79,6	95,4	101,9	98,1	89,2	10,1%




II.1.5. ORZAMENTO DE INGRESOS DA DEPUTACIÓN DE OURENSE

ORZAMENTO OURENSE (€)		
Operacións non financeiras	72.905.471	99,6%
Operacións correntes	67.612.645	92,4%
Operacións de capital	5.292.826	7,2%
Operacións financeiras	300.000	0,4%
TOTAL	73.205.471	100,0%
INGRESOS OURENSE		
		%
Ingresos tributarios (I, II, III)	6.365.512	8,7%
Transf. correntes (IV)	60.700.870	82,9%
Ingresos patrimoniais (V)	546.263	0,7%
Operacións de capital (VI, VII)	5.292.826	7,2%
Operacións financeiras (VIII, IX)	300.000	0,4%
TOTAL	73.205.471	100,0%



DEPUTACIÓN DE OURENSE
ORZAMENTOS DE INGRESOS



CAPITULOS	2010		Increm. % Interanual	2011	
	IMPORTE (€)	%		IMPORTE (€)	%
OPERACIONES NON FINANCIERAS					
I. Impuestos Directos	2.800.000	3,3	-7,1	2.600.000	3,6
II. Impuestos Indirectos	0			0	
III. Taxas e Outros ingresos	3.760.129	4,4	0,1	3.765.512	5,1
<i>Ingresos tributarios</i>	6.560.129	7,7	-3,0	6.365.512	8,7
IV. Transferencias Correntes	60.128.896	70,6	1,0	60.700.870	82,9
V. Ingresos Patrimoniais	806.263	0,9	-32,2	546.263	0,7
Operacións correntes	67.495.288	79,2	0,2	67.612.645	92,4
VI. Alleamento Investimentos Reais	3.000	0,0	0,0	3.000	0,0
VII. Transferencias de Capital	9.892.493	11,6	-46,5	5.289.826	7,2
Operacións de capital	9.895.493	11,6	-46,5	5.292.826	7,2
Operacións non financeiras	77.390.781	90,8	-5,8	72.905.471	99,6
OPERACIONES FINANCIERAS					
VIII. Variación Activos Financeiros	300.000	0,4	0,0	300.000	0,4
IX. Variación Pasivos Financeiros	7.500.000	8,8	-100,0	0	0,0
Operacións financeiras	7.800.000	9,2	-96,2	300.000	0,4
TOTAL INGRESOS	85.190.781	100,0	-14,1	73.205.471	100,0



OURENSE
TOTAL ORZAMENTO INGRESOS

Millóns de euros



	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	Inc. interanual medio
Ourense	67,5	75,1	79,1	85,6	77,2	71,8	77,6	86,1	85,2	73,2	0,9%
Galicia	395,9	415,8	465,6	493,4	548,9	565,5	589,7	610,9	560,6	477,4	2,1%



**OURENSE
INGRESOS TRIBUTARIOS**



Millóns de euros

	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	Inc. interanual medio
Ourense	3,8	3,9	1,5	1,9	2,6	4,2	4,1	4,4	6,6	6,4	5,9%
Galicia	37,4	37,6	32,2	70,7	76,0	79,6	95,4	101,9	98,1	89,2	10,1%



II.1.6. ORZAMENTO DE INGRESOS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA


ORZAMENTO PONTEVEDRA (€)		
Operacións non financeiras	135.634.670	99,0%
Operacións correntes	129.285.897	94,3%
Operacións de capital	6.348.773	4,6%
Operacións financeiras	1.412.370	1,0%
TOTAL	137.047.040	100,0%
INGRESOS PONTEVEDRA		
		%
Ingresos tributarios (I,II,III)	30.133.900	22,0%
Transf. Correntes (IV)	96.189.627	70,2%
I.patrimoniais (V)	2.962.370	2,2%
Operacións de capital (VI, VII)	6.348.773	4,6%
Operacións financeiras (VIII, IX)	1.412.370	1,0%
TOTAL	137.047.040	100,0%



ESTADO DE INGRESOS											
CAPÍTULOS	ORZAMENTO DEPUTACIÓN	ESCOLA UNIVERSITARIA DE ENFERMERÍA	CAIXA ANTICIPOS DE COOPERACIÓN	PATROMATO TURISMO RÍAS BAIXAS	ESCOLA DE CANTEIROS	I.P.E.S.P.O.	MUSEO PROVINCIAL	ORAL	TOTAL BRUTO	DEDUCCIÓN TRANSF. INT.	TOTAL CONSOLIDADO
1. IMPUESTOS DIRECTOS	11.280.900,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	11.280.900,0		11.280.900,0
2. IMPUESTOS INDIRECTOS	9.421.510,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	9.421.510,0		9.421.510,0
3. TAXAS E OUTROS INGRESOS	2.542.781,0	32.074,0	0,0	2.000,0	78.100,0	1134,0	8.601,0	6.706.800,0	9.431.490,0		9.431.490,0
<i>Ingresos tributarios</i>	<i>2.524.618,0</i>	<i>32.074,0</i>	<i>0,0</i>	<i>2.000,0</i>	<i>78.100,0</i>	<i>1.134,0</i>	<i>8.601,0</i>	<i>6.706.800,0</i>	<i>30.133.900,0</i>		<i>30.133.900,0</i>
4. TRANSFERENCIAS CORRIENTES	96.114.617,0	380.426,0	35.000,0	2.840.073,0	570.845,0	333.889,0	3.888.379,0	920.000,0	105.063.335,0	8.894.308,0	96.189.627,0
5. INGRESOS PATRIMONIAIS	2.371.370,0	3.000,0	30.000,0	3.000,0	5.000,0	350.000,0	25.000,0	175.000,0	2.962.370,0		2.962.370,0
TOTAL OPERACIONES CORRIENTES	121.731.178,0	475.500,0	65.000,0	2.845.073,0	653.945,0	685.123,0	3.922.580,0	7.801.800,0	138.180.205,0	8.894.308,0	129.285.897,0
6. ALLEAMIENTO INVERSIONS REAIS	2.100,0	0,0	0,0	0,0	0,0	320.000,0	0,0	0,0	322.100,0		322.100,0
7. TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	6.026.672,0	3.000,0	600.000,0	213.500,0	23.000,0	953.877,0	220.282,0	300.000,0	8.346.331,0	2.319.658,0	6.026.673,0
TOTAL OPERACIONES DE CAPITAL	6.028.772,0	3.000,0	600.000,0	213.500,0	23.000,0	1.279.877,0	220.282,0	300.000,0	8.668.431,0	2.319.658,0	6.348.773,0
TOTAL OPERACIONES NON FINANCEIRAS	127.759.950,0	478.500,0	665.000,0	3.058.573,0	676.945,0	1.965.000,0	4.142.862,0	8.101.800,0	146.848.636,0	11.213.966,0	135.634.670,0
8. VARIACIÓN ACTIVO FINANCEIRO	240.050,0	0,0	1.125.000,0	0,0	6.000,0	0,0	1.320,0	40.000,0	142.370,0		142.370,0
9. VARIACIÓN PASIVO FINANCEIRO	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0		0,0
TOTAL OPERACIONES FINANCEIRAS	240.050,0	0,0	1.125.000,0	0,0	6.000,0	0,0	1.320,0	40.000,0	142.370,0	0,0	142.370,0
TOTAL INGRESOS	128.000.000,0	478.500,0	1.790.000,0	3.058.573,0	682.945,0	1.965.000,0	4.144.182,0	8.141.800,0	148.261.006,0	11.213.966,0	137.047.040,0

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
ORZAMENTO DE INGRESOS



CAPITULOS	2010		Increm. % Interanual	2011	
	IMPORTE (€)	%		IMPORTE (€)	%
OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS					
I. Impostos Directos	11.352.580	7,4	-0,6	11.280.900	8,2
II. Impostos Indirectos	8.680.660	5,7	8,5	9.421.510	6,9
III. Taxas e Outros ingresos	9.396.855	6,1	0,4	9.431.490	6,9
<i>Ingresos tributarios</i>	29.430.095	19,2	2,4	30.133.900	22,0
IV. Transferencias Correntes	89.363.979	58,3	7,6	96.189.627	70,2
V. Ingresos Patrimoniais	2.669.370	1,7	11,0	2.962.370	2,2
Operacións correntes	121.463.444	79,3	6,4	129.285.897	94,3
VI. Alleamento Investimentos Reais	2.002.100	1,31	-83,9	322.100	0,2
VII. Transferencias de Capital	13.149.022	8,6	-54,2	6.026.673	4,4
Operacións de capital	15.151.122	9,9	-58,1	6.348.773	4,6
Operacións non financeiras	136.614.566	89,2	-0,7	135.634.670	99,0
OPERACIÓNS FINANCEIRAS					
VIII. Variación Activos Financeiros	1.626.050	1,1	-13,1	1.412.370	1,0
IX. Variación Pasivos Financeiros	15.000.000	9,8	-100,0	0	0,0
Total Operacións financeiras	16.626.050	10,8	-91,5	1.412.370	1,0
TOTAL INGRESOS	153.240.616,00	100,0	-10,6	137.047.040,00	100,0



PONTEVEDRA
TOTAL ORZAMENTO INGRESOS

Millóns de euros



	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	Inc. interanual medio
Pontevedra	107,6	114,8	125,1	141,5	145,8	175,1	161,2	181,3	153,2	137,0	2,7%
Galicia	395,9	415,8	465,6	493,4	548,9	565,5	589,7	610,9	560,6	477,4	2,1%



PONTEVEDRA
INGRESOS TRIBUTARIOS

Millóns de euros

	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	Inc. interanual medio
Pontevedra	9,7	11,1	11,2	23,8	25,5	28,2	30,5	31,3	29,4	30,1	13,4%
Galicia	37,4	37,6	32,2	70,7	76,0	79,6	95,4	101,9	98,1	89,2	10,1%



II.1.7. VARIABLES DE INGRESOS

Como resume dos principais agregados de ingresos do orzamento inicial de 2011, expresados en termos de euros por habitante, sinálanse as seguintes características:

O total de ingresos consignados ascende a 171€/hab. para a media de Galicia, situándose os datos dos orzamentos de Lugo e Ourense por enriba, con 262 e 220 €/hab. respectivamente.

A provincia de maior tamaño poboacional é a que presenta a menor cifra en termos per cápita, a de Pontevedra, con 142 €/hab.

No tocante a cifra de ingresos tributarios obsérvase menor variabilidade entre unhas provincias e outras, manifestando as deputacións da Coruña e Pontevedra valores iguais á media de Galicia, 32€/hab, situándose as outras dúas en extremos dispares: a de Lugo amplamente superior, cunha cifra de 47€/hab (a pesar da forte caída interanual xa anteriormente mencionada), e reflectindo no orzamento da Deputación de Ourense a menor cifra, con soamente 19€/habitante.

Tamén o peso porcentual na estrutura de ingresos do orzamento de Ourense desta categoría de ingresos de natureza tributaria é a menor das catro, co 8,7% sobre o total, mentres que as outras presentan porcentaxes en torno ao 20%: 20,7% A Coruña e 22% Pontevedra. Por debaixo da porcentaxe media de Galicia, a de Lugo sitúase co 17,9% do seu orzamento formado por ingresos tributarios.

As transferencias correntes, capítulo IV, ascenden aos 118€/hab. para a media de Galicia, cifra superada polos orzamentos de Ourense e Lugo, situándose os outros dous por debaixo.

Téñase en conta ademais que este capítulo é o de maior presenza na composición dos ingresos das entidades provinciais, xa que representan o 68,8% do total de recursos, para a media de Galicia, manifestando o orzamento de Ourense a maior dependencia destas transferencias, xa que se eleva ao 82,9%. No outro extremo sitúase o peso relativo no orzamento provincial de Lugo, o menor dos catro, cun 59,7%.

A suma das variables anteriores, e o capítulo de ingresos patrimoniais, conforman o agregado de ingresos por operacións correntes, que presentan unha cifra media de 154€/hab, cifra superada polos orzamentos das provincias de menor tamaño de poboación, Ourense e Lugo.

A preponderancia deste tipo de ingresos nos orzamentos iniciais de 2011 evidénciase coa porcentaxe deste dato sobre o total, o 89,9% de media, o que deixa unha escasa marxe para o resto de recursos. Os maiores pesos vense en Pontevedra e Ourense cunhas porcentaxes de 94,3% e 92,4%, respectivamente, manifestando o dato de Lugo a menor presenza destes ingresos na súa composición de recursos, co 81,6%.

As operacións de capital, capítulos VI e VII, presentan un dato de 11€/hab. de media, dato que é superado, sobre todo no orzamento lucense con 32€/hab, e o de Ourense con 16€/hab.

Os orzamentos de Pontevedra e A Coruña reflicten a mesma cifra de 7€/hab, e tamén similar porcentaxe sobre o total de recursos, 4,7% e 4,6%, respectivamente. A porcentaxe media de Galicia é de 6,5% superada moi amplamente pola porcentaxe de Lugo, que alcanza o 12,3%.

Por último, nesta táboa as operacións financeiras presentan un escaso resultado de 1€/hab. nos orzamentos de Ourense e Pontevedra, onde non existía consignación de apelación ao crédito externo neste orzamento.

Cunha cifra moi superior á da media de Galicia, que é de 6€/hab. está o orzamento de Lugo, con 16€/hab. de ingresos financeiros, cun 6,1%; finalmente, na Deputación da Coruña a cifra e a porcentaxe tamén son superiores á media.


VARIABLES E RATIOS ECONÓMICO-FINANCIERAS

GASTOS

Euros por habitante e porcentaxes

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Gastos Totais	153	262	220	142	171
Gastos de Persoal (Cap I)	35	75	93	46	51
% GP/GT	23,0%	28,5%	42,5%	32,5%	29,8%
Operacións Correntes (I ao IV)	96	168	168	87	110
% OC/GT	62,7%	64,1%	76,4%	61,4%	64,7%
Operacións de Capital (V+VII)	44	69	40	40	45
% OC/GT	29,0%	26,3%	18,1%	27,8%	26,5%
Operacións Financeiras (VIII+IX)	13	25	12	15	15
% OF/GT	8,3%	9,6%	5,5%	10,9%	8,9%

Variables de Gastos (per capita)



II.2. GASTOS

II.2.1. TOTAL DEPUTACIÓNS/GALICIA

O importe de gastos iguálase ao de ingresos ao presentarse os catro orzamentos equilibrados, sintetizándose o orzamento-suma dos catro coas seguintes grandes liñas: as operacións non financeiras, cunha cifra de 435,1 millóns de €, supoñen o 91,1% do total de gastos; e, o 8,9% restante son gastos destinados a operacións financeiras.

Na comparativa co orzamento do ano anterior obsérvase, en primeiro lugar, que todos os capítulos de gastos presentan cifras inferiores, agás as destinadas á carga financeira. Esta componse dos capítulos III de xuros dos préstamos, principalmente, cun incremento interanual do 6,4%, e o IX de variación de pasivos financeiros, no que se consignan as anualidades de amortización da débeda viva das arcas provinciais, que medra en maior proporción aínda, xa que pasa dos 35 millóns de € aos 38,6 en 2011, o que representa un incremento interanual do 10,1%. Isto, á súa vez conduce a que medre o seu peso relativo na composición dos gastos en 1,9 puntos porcentuais, achegándose ao 8,1%.

Estes incrementos da carga financeira reproducense en tres deputacións, e pola contra, na de Lugo a tendencia é distinta, xa que no seu orzamento os capítulos III e IX descenden, ao igual que a totalidade dos seus capítulos de gastos, que reflicten descensos, coa resultante dunha redución orzamentaria global do 35,9%.

Máis da metade do orzamento irá destinado ao pagamento de gastos de natureza corrente, que absorben o 64,7% do total, e o 26,5% irán ao financiamento de investimentos, xa que son gastos de capital.

Entre os gastos por operacións correntes, os chamados gastos de funcionamento dos servizos, os capítulos I e II, son os de maior presenza, cunha porcentaxe moi próxima á metade do total dos recursos, co 48,1%.

Destes, os gastos destinados ao pagamento do persoal ao servizo das corporacións provinciais alcanzan unha cifra considerable de 142,1 millóns de € e un 29,8% do total de gastos, aínda que presentan un moderado descenso interanual, do 3,6%. Ao situarse esta minoración por debaixo do descenso do total do orzamento, fai que a súa presenza no total de gastos medre en 3,5 puntos porcentuais.

O capítulo II destinado ao pagamento de bens correntes e servizos acada unha cifra de 87,4 millóns de € e un 18,3% sobre o total de gastos, 2,3 puntos superior á de 2010, xa que a redución neste tipo de gastos foi de menor proporción que o resto de capítulos, que como se verá máis adiante, foron nos gastos de capital nos que a austeridade e redución orzamentaria foi máis acusada.

As transferencias correntes, capítulo IV, nas que xa están descontadas as dirixidas a

sufragar os gastos de funcionamento dos organismos autónomos adscritos ás deputacións, presentan unha cifra de 70,6 millóns de €, cifra que, ao igual que nas anteriores, ao descenderen en menor proporción que o total, repórtalles un incremento do peso relativo na composición de gastos, do 13,1% ao 14,8%.

Como se dicía, foi nos gastos de capital nos que en maior medida se percibiu a crueza dos recortes orzamentarios, xa que manifestaron un descenso porcentual do 16,5%, pasando dos 521,3 millóns en 2010 aos 435,1 en 2011, é dicir, 76,2 millóns de € menos que no 2010. O seu peso relativo na estrutura de gastos descende en 9,7 puntos, pasando do 36,1% ao 26,5% en 2011.

Esta redución drástica dos gastos dirixidos a operacións de capital foi xeneralizada nas catro deputacións, aínda que foi na de Lugo na que a caída foi maior, reducíndose máis da metade dos gastos, cun descenso interanual do 58,2%, pasando dos 58 millóns de € aos 24,3 de 2011. Tamén a perda da porcentaxe representativa respecto ao total de gastos foi elevada, con 14,1 puntos porcentuais menos, quedando cun 26,3%. Esta caída significa que por primeira vez nos últimos anos, o esforzo investidor da deputación lucense descende e sitúase moi por debaixo doutros agregados e capítulos, como o de gastos de funcionamento. A cifra de gastos de capital de 2011 representa un retroceso de máis de dez anos, xa que é menor ca do ano 2002, o mesmo que se observa nos orzamentos da Coruña e Pontevedra.

Este descenso foi maior nos investimentos reais, capítulo VI, que son os realizados directamente polas administracións provinciais, nos que o descenso interanual foi do 46,9%, cunha perda de peso relativo na composición dos gastos de máis de dez puntos, do 27,6% ao 17,2% do orzamento inicial de 2011, sendo a redución de 72,7 millóns de €.

Os gastos financeiros pola contra, medran nun 7,4% con 2,9 millóns de € máis ca en 2010 e achéganse ao 8,1% sobre o total de gastos, 1,8 puntos máis ca en 2010. Este incremento foi orixinado polo aumento das amortizacións da débeda viva, consignadas para este ano, capítulo IX, ocasionada pola finalización dos prazos de carencia dos préstamos subscritos en anos anteriores, xa que a consignación para a variación de activos financeiros descende nun 14,3%.

ESTRUTURA POR PROGRAMAS DOS ORZAMENTOS DE 2011 DAS DEPUTACIÓNS PROVINCIAIS.

Esta descrición refírese aos orzamentos provinciais sen consolidar, polo que non coinciden cos datos do total de gastos (agás no orzamento coruñés que non ten organismos autónomos).

A área de gasto que absorbe unha maior consignación no orzamento inicial de 2011 para o conxunto de Galicia, segue a ser a 4 Actuacións de carácter económico, cunha cifra de 147,4 millóns de €, o que representa o 32% do total de gastos. A política de gasto de

maior importe é a 45 de Infraestruturas, sobre todo as estradas de titularidade provincial, ás que se estimaba destinar unha cuarta parte do total dos gastos, 115,2 millóns de €.

Esta primacía da área de gasto de actuacións de carácter económico, compróbase en tres dos orzamentos provinciais, mentres que no de Lugo, o maior peso teno as Actuacións de carácter xeral, que absorben o 36% do seu orzamento, no que a maior parte vai destinada ás *transferencias aos organismos autónomos* co 15%. A Deputación de Pontevedra, presenta tamén unha gran porcentaxe do gasto destinado ás transferencias, cun 12%, que fai que a súa área de gasto destinada a actuacións de carácter xeral, se sitúe a tan só un punto das de carácter económico, co 28% e 29% respectivamente.

A área de gasto de actuacións de carácter xeral, a 9, que representa o 26% para o total das deputacións, é o segundo destino dos gastos, cun 23% e 21% na Coruña e Ourense respectivamente.



Os gastos destinados á área 3 de Producción de bens públicos de carácter preferente, son o terceiro destino dos gastos, cun 15%, nos que a *Cultura* absorbe o 9% do total dos gastos. É nos orzamentos das deputacións de Lugo e Pontevedra onde as porcentaxes son maiores, cun 17% e 16% respectivamente, presentando A Coruña e Ourense o 14%.

A área de gasto 2, Actuacións de protección e promoción social, alcanza os 50,9 millóns de €, o que significa un 11% na estrutura de gastos por programas. Entre estas destacan os *Servizos sociais* e a *promoción social*, co 7% do total. Nesta área de gasto son as provincias de maior tamaño poboacional as que presentan maiores pesos relativos, xa que A Coruña reflicte o 15% e Pontevedra o 13%. Na de Lugo a porcentaxe é inferior, cun 8%, pero ten a mesma posición. En Ourense é onde estes gastos presentan menor peso relativo, co 2%, sendo, así mesmo, a de menor peso na súa composición de gastos.

Os gastos destinados á Débeda pública absorben o 9%, é dicir, 42,1 millóns de €, variando entre o 7% de Lugo ata o 12% do orzamento de Pontevedra, a que destina a maior porcentaxe dos seus recursos aos pagamentos da débeda viva (amortizacións e xuros, principalmente).


Por último a Área 1, designada como Servizos públicos básicos, en desenvolvemento das competencias que lles corresponden, suman 28,6 millóns de € no conxunto, cun 6% de media sobre o total. *Benestar comunitario*, co 3% é a principal política de gasto desta área. Obsérvase unha variabilidade, destacando o 21% dos recursos que destina Ourense no seu orzamento fronte ao 2% do orzamento pontevedrés.

TOTAL DEPUTACIÓNS		
ORZAMENTO DE GASTOS (€)		
Operacións non financeiras	435.128.794	91,1%
Operacións correntes	308.774.411	64,7%
Operacións de capital	126.354.384	26,5%
Operacións financeiras	42.280.919	8,9%
TOTAL	477.409.713	100,0%
GASTOS TOTAL DEPUTACIÓNS		
Gastos funcionamento servizos (I, II)	229.569.421	48,1%
Xuros (III)	8.608.152	1,8%
Transferencias correntes (IV)	70.596.838	14,8%
Operacións de capital (VI,VII)	126.354.384	26,5%
Operacións financeiras(VIII, IX)	42.280.919	8,9%
TOTAL	477.409.713	100,0%




**CLASIFICACIÓN POR PROGRAMAS DE GASTO
(Orzamentos sen consolidar)**

Área de gasto	Política de gasto	TOTAL
1 SERVICIOS PÚBLICOS BÁSICOS		28.618.075,06
	13 Seguridade e mobilidade cidadá	3.888.126,00
	15 Vivenda e urbanismo	3.510.518,22
	16 Benestar comunitario	15.382.590,94
	17 Medio ambiente	5.836.839,90
2 ACTUACIONES DE PROTECCIÓN Y PROMOCIÓN SOCIAL.		50.851.074,21
	21 Pensións	9.096.062,00
	22 Outras prestacións económicas a favor de empregados	6.268.302,00
	23 Servizos Sociais e promoción social	33.139.190,94
	24 Fomento do Emprego	2.347.519,27
3 PRODUCCIÓN DE BENS PÚBLICOS DE CARÁCTER PREFERENTE		71.067.511,33
	31 Sanidade	394.858,62
	32 Educación	11.402.327,69
	33 Cultura	39.346.872,17
	34 Deporte	19.923.452,85
4 ACTUACIONES DE CARÁCTER ECONÓMICO		147.359.534,70
	41 Agricultura, Gandeiría e Pesca	14.533.815,21
	42 Industria e enerxía	3.580.009,37
	43 Comercio, turismo e PEMES	12.628.341,07
	44 Transporte público	0,00
	45 Infraestruturas	115.165.566,06
	46 Investigación, desenvolvemento e innovación	639.565,24
	49 Outras actuacións de carácter económico	812.237,75
9 ACTUACIONES DE CARÁCTER XERAL		122.521.307,36
	91 Órganos de goberno	13.364.919,20
	92 Servizos de carácter xeral	54.647.068,18
	93 Administración financeira e tributaria	22.279.155,56
	94 Transferencias a outras Administracións Públicas	32.230.164,42
0 DÉBEDA PÚBLICA		42.050.164,61
	01 Débeda Pública	42.050.164,61
TOTAL		462.467.667,27



TOTAL DEPUTACIÓN
ORZAMENTO DE GASTOS

CAPÍTULOS	2010		Increm. % Interanual	2011	
	IMPORTE (€)	%		IMPORTE (€)	%
OPERACIÓN NON FINANCIERAS					
I. Gastos de Persoal	147.401.327	26,3	-3,6	142.125.744	29,8
II. Compra de Bens Corr. E Servizos	89.949.864	16,0	-2,8	87.443.677	18,3
<i>Gastos funcionamento dos servizos</i>	237.351.191	42,3	-3,3	229.569.421	48,1
III. Xuros	8.088.741	1,4	6,4	8.608.152	1,8
IV. Transferencias Correntes	73.294.500	13,1	-3,7	70.596.838	14,8
Operacións Correntes	318.734.432	56,9	-3,1	308.774.411	64,7
VI. Investimentos Reais	154.957.074	27,6	-46,9	82.246.971	17,2
VII. Transferencias de Capital	47.597.778	8,5	-7,3	44.107.413	9,2
Operacións de capital	202.554.852	36,1	-37,6	126.354.384	26,5
Operacións non financeiras	521.289.284	93,0	-16,5	435.128.794	91,1
OPERACIÓN FINANCEIRAS					
VIII. Variación Activos Financeiros	4.322.050	0,8	-14,3	3.702.975	0,8
IX. Variación Pasivos Financeiros	35.028.954	6,2	10,1	38.577.944	8,1
Operacións financeiras	39.351.004	7,0	7,4	42.280.919	8,9
TOTAL GASTOS	560.640.288	100,0	-14,8	477.409.713	100,0



II.2.2. EVOLUCIÓN DE GASTOS DO PERÍODO 2002-2011

Gastos de persoal

A tendencia observada nos últimos dez anos nos gastos de persoal, capítulo I, reflicte unha traxectoria continua e crecente, para todos os anos do período analizado, agás o descenso manifestado en 2011 (do 3,6%) para as catro deputacións. Mentres que o orzamento lucense sofre unha maior caída en 2011, do 28,9%.

A grandes trazos, obsérvase que a taxa de incremento interanual media nos 10 anos do período ascende ao 5,2% para a suma das catro deputacións, que evidencia un maior ritmo de crecemento que o volume orzamentario, que foi do 2,1%.

Esta maior taxa no crecemento dos gastos de persoal que no total dos gastos obsérvase para tres deputacións e, pola contra, a de Lugo manifesta uns orzamentos máis austeros e con menor índice de crecemento interanual do capítulo I. Nesta deputación, o ritmo de crecemento dos orzamentos foi do 2,1%, o menor das catro deputacións, e o único de menor taxa ca o da media de Galicia; mentres que o total dos seus recursos medraron unha media do 2,6% interanual.

A cifra de gastos de persoal no orzamento lucense de 2011 supón un retroceso ata a cifra de 2005, cunha ruptura da tendencia alcista das outras tres, nas que nos últimos anos se evidencian estancamentos das cifras de pagamentos ao persoal ou descensos moderados, agás na de Ourense. Foi o orzamento da deputación de Pontevedra, a que conta cun maior número de entidades e organismos autónomos a ela adscritos, o que presentou un maior ritmo de crecemento.



En termos de gastos por habitante, as traxectorias atópanse divididas en dous grupos: por unha banda, as cifras de Lugo e Ourense foron claramente superiores ás outras en todos os anos do período 2002-2011; e ben entre elas, que partían de valores moi semellantes, produciuse unha lixeira diverxencia a partir do orzamento do ano 2008, no que a cifra de Lugo superou a de Ourense ata que, debido a caída en 2011 do dato lucense, por primeira vez nos dez anos analizados, foi a cifra per cápita de Ourense a maior das catro.

Por outra banda, no outro grupo, partindo de cifras semellantes, obsérvase unha diverxencia que vai medrando ano a ano, ocasionada polo maior ritmo de crecemento deste capítulo no orzamento da deputación de Pontevedra, que se alonxa do orzamento coruñés.

GASTOS DE PERSOAL

Millóns de euros

	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	Inc. interanu al medio
A Coruña	26,0	28,9	29,7	30,9	32,5	33,8	36,3	36,7	36,9	40,2	5,0%
Lugo	21,8	22,7	23,9	26,4	27,3	29,6	34,4	35,9	37,0	26,3	2,1%
Ourense	19,7	20,1	21,4	22,1	23,8	25,8	28,0	28,3	30,6	31,1	5,2%
Pontevedra	22,8	24,9	29,0	33,3	35,1	38,2	41,4	44,7	43,0	44,5	7,7%
Galicia	90,2	96,6	104,0	112,6	118,7	127,5	140,1	145,6	147,5	142,1	5,2%



Gastos de capital

A evolución dos *gastos de capital* nos últimos dez anos, reflicte unha traxectoria decrecente, non continuada, xa que se observan altibaixos, pasando dunha cifra global dos 181,4 millóns de € en 2002 aos 126,4 no orzamento inicial de 2011, para o orzamento-suma das catro deputacións, do que se obtén un ritmo de diminución interanual medio do 3,9%.

Este descenso da cifra de operacións de capital (capítulos VI e VII) produciuse en tres deputacións, manifestando pola contra, o orzamento da Deputación de Ourense, un lixeiro crecemento, 1,2 millóns de € máis ca en 2002, o que representa unha taxa de incremento interanual medio do 1,1%. Obsérvase, que a cifra de Ourense é a máis baixa das catro e, a pesar do leve crecemento entre os anos do período, segue a presentar unha liña claramente por debaixo das manifestadas polas outras deputacións, aínda que en 2011 debido aos importantes recortes destes capítulos, sobre todo en Lugo, a diferenza reduciuse considerablemente.

Estes recortes da cifra de gastos de capital no período analizado, produciuse nos dous últimos anos, xa que nas catro deputacións, se avaliamos a traxectoria ata o exercicio de 2009, extráense datos positivos cunha taxa de crecemento interanual medio para o conxunto de Galicia do 5,2%.

Como se dicía, agás en Ourense, as cifras desta variable do orzamento de 2011 son claramente inferiores ás de 2002, presentando uns máximos as cifras de Lugo, en 2006 coa cifra de 90,3 millóns de € e nos anos 2007 e 2009 o orzamento de Pontevedra, cunhas contías de 98,6 e 90,3 millóns de € respectivamente.



As perdas acumuladas das cifras de gastos de capital nestes dous últimos anos ascenden aos 132,1 millóns de € para as catro deputacións, o que representa o 51,1% menos que a cifra de 2009; presentando a cifra de Lugo o maior descenso bianual cun 59,7% menos que o 2009, seguida pola de Pontevedra, cunha diminución do 57,9%. En cifras absolutas, foi en Pontevedra onde o descenso foi maior con 52,3 millóns de € menos, seguido por Lugo cunha minoración de 35,9 millóns.

En termos de *gastos de capital por habitante* as traxectorias presentaron un punto de partida de maior variabilidade entre uns datos e outros, cunha evolución claramente crecente e cun forte ritmo á alza na cifra da Deputación de Lugo ata o ano 2006, na que mostrou o seu máximo con 254 €/hab, máis de catro veces superior ao dato da Coruña, a de menor cifra, e moi lonxe da senda das outras deputacións. A partir dese ano tivo unha traxectoria que provocou a diminución da superioridade, en termos per cápita da cifra de gastos de capital do orzamento lucense. Así, en 2011 os datos de tres deputacións son case iguais, 44 €/hab. na Coruña e 40€/hab. en Ourense e Pontevedra, presentando o orzamento lucense unha cifra de 69€/habitante.

OPERACIÓNS DE CAPITAL

Millóns de euros

	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	Inc. interanu al medio
A Coruña	76,2	67,1	67,2	63,4	64,8	68,0	76,9	82,7	59,5	50,8	-4,4%
Lugo	35,0	40,4	36,8	53,3	90,3	67,5	75,0	60,2	58,0	24,2	-4,0%
Ourense	12,0	18,2	18,0	20,7	22,3	11,7	15,4	25,3	25,7	13,2	1,1%
Pontevedra	58,2	55,0	63,0	70,7	65,4	98,6	77,0	90,3	59,3	38,1	-4,6%
Galicia	181,4	180,6	185,0	208,1	242,8	245,9	244,3	258,4	202,5	126,4	-3,9%



INTRODUCCIÓN AOS ORZAMENTOS INDIVIDUAIS DE GASTOS POR DEPUTACIÓN

Como no apartado de ingresos, a continuación, descríbense graficamente, de xeito individual, os orzamentos de gastos de cada unha das deputacións provinciais, coa seguinte secuencia de datos expresivos das principais variables orzamentarias:



- En primeiro lugar, descríbese nunha mesma páxina, a estrutura básica dos gastos. Esta amósase nunha táboa sintética, que recolle os importes de operacións correntes e de capital que compoñen as operacións non financeiras, xunto ás operacións financeiras, coas súas porcentaxes sobre o total. Ademais tamén se inclúen os gráficos de distribución dos diferentes compoñentes de gastos.
- En segundo lugar, figura a táboa da nova clasificación por programas de gastos e o gráfico no que se reflicte a composición de cada finalidade na estrutura total.
- En terceiro lugar, figura a táboa comprensiva do orzamento inicial do 2011, como resultado do estado da consolidación cos OO.AA., coa comparación co ano 2010. Así mesmo figura un gráfico coas diferentes porcentaxes de cada capítulo de gastos en 2011 e 2010.
- En cuarto lugar, descríbese a evolución dos orzamentos no período 2002-2011 do capítulo I, gastos de persoal, e dos gastos de capital, capítulos VI e VII.

Os datos refírense a euros correntes de cada ano, e móstranse coa seguinte orde:

- Táboa comprensiva dos datos da variable obxecto da evolución, expresada en millóns de euros, de cada deputación e a súa comparativa co de total deputacións (Galicia), máis a taxa de crecemento interanual media (%).
- Gráfico de traxectorias, cos datos da táboa anterior (millóns de euros).
- Gráfico coas traxectorias de cada deputación e a media de Galicia, en termos de euros por habitante.


II.2.3. ORZAMENTO DE GASTOS DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA

DEPUTACIÓN DA CORUÑA		
ORZAMENTO DE GASTOS (€)		
Operacións non financeiras	160.519.629	91,7%
Operacións correntes	109.700.617	62,7%
Operacións de capital	50.819.013	29,0%
Operacións financeiras	14.525.371	8,3%
TOTAL	175.045.000	100,0%
GASTOS A CORUÑA		
		%
Gastos funcionamento servizos (I, II)	68.423.709	39,1%
Xuros (III)	1.392.725	0,8%
Transferencias correntes (IV)	39.884.183	22,8%
Operacións de capital (VI,VII)	50.819.013	29,0%
Operacións financeiras(VIII, IX)	14.525.371	8,3%
TOTAL	175.045.000	100,0%




**CLASIFICACIÓN POR PROGRAMAS DE GASTO
(Orzamentos sen consolidar)**

Área de gasto	Política de gasto	A CORUÑA
1 SERVICIOS PÚBLICOS BÁSICOS		5.469.445,00
	13 Seguridade e mobilidade cidadá	970.000,00
	15 Vivenda e urbanismo	
	16 Benestar comunitario	440.000,00
	17 Medio ambiente	4.059.445,00
2 ACTUACIÓNS DE PROTECCIÓN E PROMOCIÓ SOCIAL.		26.782.488,10
	21 Pensións	8.845.862,00
	22 Outras prestacións económicas a favor de empregados	3.105.902,00
	23 Servizos Sociais e promoción social	14.663.349,00
	24 Fomento do Emprego	167.375,10
3 PRODUCCIÓN DE BENS PÚBLICOS DE CARÁCTER PREFERENTE		25.127.643,00
	31 Sanidade	
	32 Educación	5.786.520,00
	33 Cultura	14.706.123,00
	34 Deporte	4.635.000,00
4 ACTUACIÓNS DE CARÁCTER ECONÓMICO		62.194.142,43
	41 Agricultura, Gandeiría e Pesca	5.364.867,44
	42 Industria e enerxía	1.101.774,00
	43 Comercio, turismo e PEMES	2.846.500,00
	44 Transporte público	
	45 Infraestruturas	51.781.250,00
	46 Investigación, desenvolvemento e innovación	607.565,24
	49 Outras actuacións de carácter económico	492.185,75
9 ACTUACIÓNS DE CARÁCTER XERAL		40.537.760,47
	91 Órganos de goberno	2.636.989,00
	92 Servizos de carácter xeral	19.887.787,83
	93 Administración financeira e tributaria	14.166.031,02
	94 Transferencias a outras Administracións Públicas	3.846.952,62
0 DÉBEDA PÚBLICA		14.933.521,00
	01 Débeda Pública	14.933.521,00
	TOTAL	175.045.000,00



DEPUTACIÓN DA CORUÑA
ORZAMENTO DE GASTOS



CAPITULOS	2010		Incrém. % Interanual	2011	
	IMPORTE (€)	%		IMPORTE (€)	%
OPERACIÓN NON FINANCIERAS					
I. Gastos de Persoal	36.855.496	20,6	9,1	40.191.257	23,0
II. Compra de Bens Corr. e Servizos	27.141.863	15,2	4,0	28.232.452	16,1
<i>Gastos funcionamento dos servizos</i>	63.997.359	35,9	6,9	68.423.709	39,1
III. Xuros	1.323.953	0,7	5,2	1.392.725	0,8
IV. Transferencias Correntes	40.000.580	22,4	-0,3	39.884.183	22,8
Operacións Correntes	105.321.892	59,0	4,2	109.700.617	62,7
VI. Investimentos Reais	32.019.402	17,9	-23,1	24.611.013	14,1
VII. Transferencias de Capital	27.454.736	15,4	-4,5	26.208.000	15,0
Operacións de capital	59.474.138	33,3	-14,6	50.819.013	29,0
Operacións non financeiras	164.796.029	92,3	-2,6	160.519.629	91,7
OPERACIÓN FINANCEIRAS					
VIII. Variación Activos Financeiros	1.204.575	0,7	-20,8	954.575	0,5
IX. Variación Pasivos Financeiros	12.512.896	7,0	8,5	13.570.796	7,8
Operacións financeiras	13.717.471	7,7	5,9	14.525.371	8,3
TOTAL GASTOS	178.513.500	100,0	-1,9	175.045.000	100,0



A CORUÑA
GASTOS DE PERSOAL

Millóns de euros



	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	Inc. interanual medio
A Coruña	26,0	28,9	29,7	30,9	32,5	33,8	36,3	36,7	36,9	40,2	5,0%
Galicia	90,2	96,6	104,0	112,6	118,7	127,5	140,1	145,5	147,4	142,1	5,2%



A CORUÑA
OPERACIÓN DE CAPITAL



Millóns de euros

	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	Inc. interanual medio
A Coruña	76,2	67,1	67,2	63,4	64,8	68,0	76,9	82,7	59,5	50,8	-4,4%
Galicia	181,4	180,6	185,0	208,1	242,8	245,9	244,3	258,4	202,6	126,4	-3,9%




II.2.4. ORZAMENTO DE GASTOS DA DEPUTACIÓN DE LUGO

DEPUTACIÓN DE LUGO		
ORZAMENTO DE GASTOS (€)		
Operacións non financeiras	83.296.694	90,4%
Operacións correntes	59.067.319	64,1%
Operacións de capital	24.229.375	26,3%
Operacións financeiras	8.815.508	9,6%
TOTAL	92.112.202	100,0%
GASTOS A CORUÑA		
Gastos funcionamento servizos (I, II)	44.254.206	48,0%
Xuros (III)	1.965.150	2,1%
Transferencias correntes (IV)	12.847.963	13,9%
Operacións de capital (VI,VII)	24.229.375	26,3%
Operacións financeiras(VIII, IX)	8.815.508	9,6%
TOTAL	92.112.202	100,0%




**CLASIFICACIÓN POR PROGRAMAS DE GASTO
(Orzamentos sen consolidar)**

Área de gasto	Política de gasto	LUGO
1 SERVICIOS PÚBLICOS BÁSICOS		5.293.047,43
	13 Seguridade e mobilidade cidadá	1.500.000,00
	15 Vivenda e urbanismo	2.073.271,80
	16 Benestar comunitario	1.202.993,23
	17 Medio ambiente	516.782,40
2 ACTUACIONES DE PROTECCIÓN Y PROMOCIÓN SOCIAL.		6.523.639,22
	21 Pensións	
	22 Outras prestacións económicas a favor de empregados	1.734.000,00
	23 Servizos Sociais e promoción social	4.155.523,35
	24 Fomento do Emprego	634.115,87
3 PRODUCCIÓN DE BENS PÚBLICOS DE CARÁCTER PREFERENTE		14.904.313,48
	31 Sanidade	95.000,00
	32 Educación	1.985.435,60
	33 Cultura	7.365.623,10
	34 Deporte	5.458.254,78
4 ACTUACIONES DE CARÁCTER ECONÓMICO		22.028.786,96
	41 Agricultura, Gandeiría e Pesca	382.951,23
	42 Industria e enerxía	18.030,37
	43 Comercio, turismo e PEMES	1.974.802,23
	44 Transporte público	
	45 Infraestruturas	19.593.003,13
	46 Investigación, desenvolvemento e innovación	
	49 Outras actuacións de carácter económico	60.000,00
9 ACTUACIONES DE CARÁCTER XERAL		31.202.476,55
	91 Órganos de goberno	2.874.491,44
	92 Servizos de carácter xeral	12.033.182,17
	93 Administración financeira e tributaria	3.429.039,62
	94 Transferencias a outras Administracións Públicas	12.865.763,32
0 DÉBEDA PÚBLICA		6.450.403,63
	01 Débeda Pública	6.450.403,63
	TOTAL	86.402.667,27



DEPUTACIÓN DE LUGO
ORZAMENTO DE GASTOS



CAPITULOS	2010		Increm. % Interanual	2011	
	IMPORTE (€)	%		IMPORTE (€)	%
OPERACIÓN NON FINANCIERAS					
I. Gastos de Persoal	36.978.322	25,7	-28,9	26.273.732	28,5
II. Compra de Bens Corr. e Servizos	21.395.108	14,9	-16,0	17.980.474	19,5
<i>Gastos funcionamento dos servizos</i>	58.373.430	40,6	-24,2	44.254.206	48,0
III. Intereses	2.907.272	2,0	-32,4	1.965.150	2,1
IV. Transferencias Correntes	14.901.392	10,4	-13,8	12.847.963	13,9
Operacións Correntes	76.182.094	53,0	-22,5	59.067.319	64,1
VI. Investimentos Reais	49.378.592	34,4	-63,5	18.021.229	19,6
VII. Transferencias de Capital	8.620.584	6,0	-28,0	6.208.146	6,7
Operacións de capital	57.999.176	40,4	-58,2	24.229.375	26,3
Operacións non financeiras	134.181.270	93,4	-37,9	83.296.694	90,4
OPERACIÓN FINANCEIRAS					
VIII. Variación Activos Financeiros	475.075	0,3	-22,1	370.000	0,4
IX. Variación Pasivos Financeiros	9.039.046	6,3	-6,6	8.445.508	9,2
Operacións financeiras	9.514.121	6,6	-7,3	8.815.508	9,6
TOTAL GASTOS	143.695.391	100,0	-35,9	92.112.202	100,0



LUGO
GASTOS DE PERSOAL

Millóns de euros



	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	Inc. interanual medio
Lugo	21,8	22,7	23,9	26,4	27,3	29,6	34,4	35,9	37,0	26,3	2,1%
Galicia	90,2	96,6	104,0	112,6	118,7	127,5	140,1	145,5	147,4	142,1	5,2%



LUGO
OPERACIÓNS DE CAPITAL



Miles de euros

	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	Inc interanual medio
Lugo	35,0	40,4	36,8	53,3	90,3	67,5	75,0	60,2	58,0	24,2	-4,0%
Galicia	181,4	180,6	185,0	208,1	242,8	245,9	244,3	258,4	202,6	126,4	-3,9%




II.2.5. ORZAMENTO DE GASTOS DA DEPUTACIÓN DE OURENSE

DEPUTACIÓN DE OURENSE		
ORZAMENTO DE GASTOS (€)		
Operacións non financeiras	69.175.860	94,5%
Operacións correntes	55.927.654	76,4%
Operacións de capital	13.248.205	18,1%
Operacións financeiras	4.029.612	5,5%
TOTAL	73.205.471	100,0%
GASTOS A CORUÑA		
Gastos funcionamento servizos (I, II)	47.975.753	65,5%
Xuros (III)	2.137.949	2,9%
Transferencias correntes (IV)	5.813.952	7,9%
Operacións de capital (VI,VII)	13.248.205	18,1%
Operacións financeiras(VIII, IX)	4.029.612	5,5%
TOTAL	73.205.471	100,0%




CLASIFICACIÓN POR PROGRAMAS DE GASTO
(Orzamentos sen consolidar)

Área de gasto	Política de gasto	OURENSE
1 SERVICIOS PÚBLICOS BÁSICOS		14.979.086,63
	13 Seguridade e mobilidade cidadá	8.000,00
	15 Vivenda e urbanismo	143.380,42
	16 Benestar comunitario	13.739.597,71
	17 Medio ambiente	1.088.108,50
2 ACTUACIÓNS DE PROTECCIÓN E PROMOCIÓN SOCIAL.		1.204.406,89
	21 Pensións	
	22 Outras prestacións económicas a favor de empregados	9.000,00
	23 Servizos Sociais e promoción social	841.971,59
	24 Fomento do Emprego	353.435,30
3 PRODUCCIÓN DE BENS PÚBLICOS DE CARÁCTER PREFERENTE		10.103.902,85
	31 Sanidade	281.858,62
	32 Educación	1.754.407,09
	33 Cultura	4.804.300,07
	34 Deporte	3.263.337,07
4 ACTUACIÓNS DE CARÁCTER ECONÓMICO		25.518.788,31
	41 Agricultura, Gandeiría e Pesca	3.139.553,54
	42 Industria e enerxía	2.432.705,00
	43 Comercio, turismo e PEMES	171.587,84
	44 Transporte público	
	45 Infraestruturas	19.734.941,93
	46 Investigación, desenvolvemento e innovación	
	49 Outras actuacións de carácter económico	40.000,00
9 ACTUACIÓNS DE CARÁCTER XERAL		15.376.354,34
	91 Órganos de goberno	2.825.187,76
	92 Servizos de carácter xeral	10.635.848,18
	93 Administración financeira e tributaria	1.883.277,92
	94 Transferencias a outras Administracións Públicas	32.040,48
0 DÉBEDA PÚBLICA		5.837.460,98
	01 Débeda Pública	5.837.460,98
	TOTAL	73.020.000,00



DEPUTACIÓN DE OURENSE
ORZAMENTO DE GASTOS



CAPITULOS	2010		Increm. % Interanual	2011	
	IMPORTE (€)	%		IMPORTE (€)	%
OPERACIÓN NON FINANCIERAS					
I. Gastos de Persoal	30.586.687	35,9	1,8	31.137.027	42,5
II. Compra de Bens Corr. e Servizos	17.186.239	20,2	-2,0	16.838.727	23,0
<i>Gastos funcionamento dos servizos</i>	47.772.926	56,1	0,4	47.975.753	65,5
III. Intereses	1.523.740	1,8	40,3	2.137.949	2,9
IV. Transferencias Correntes	6.563.152	7,7	-11,4	5.813.952	7,9
Operacións Correntes	55.859.818	65,6	0,1	55.927.654	76,4
VI. Investimentos Reais	24.559.675	28,8	-52,0	11.787.878	16,1
VII. Transferencias de Capital	1.172.304	1,4	24,6	1.460.327	2,0
Operacións de capital	25.731.979	30,2	-48,5	13.248.205	18,1
Operacións non financeiras	81.591.797	95,8	-15,2	69.175.860	94,5
OPERACIÓN FINANCEIRAS					
VIII. Variación Activos Financeiros	354.000	0,4	-15,3	300.000	0,4
IX. Variación Pasivos Financeiros	3.244.984	3,8	14,9	3.729.612	5,1
Operacións financeiras	3.598.984	4,2	12,0	4.029.612	5,5
TOTAL GASTOS	85.190.781	100,0	-14,1	73.205.471	100,0



OURENSE
GASTOS DE PERSOAL

Millóns de euros



	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	Inc. interanual medio
Ourense	19,7	20,1	21,4	22,1	23,8	25,8	28,0	28,3	30,6	31,1	5,2%
Galicia	90,2	96,6	104,0	112,6	118,7	127,5	140,1	145,5	147,4	142,1	5,2%



OURENSE
OPERACIÓNS DE CAPITAL


Millóns de euros

	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	Inc. interanual medio
Ourense	12,0	18,2	18,0	20,7	22,3	11,7	15,4	25,3	25,7	13,2	1,1%
Galicia	181,4	180,6	185,0	208,1	242,8	245,9	244,3	258,4	202,6	126,4	-3,9%




II.2.6. ORZAMENTO DE GASTOS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA		
ORZAMENTO DE GASTOS (€)		
Operacións non financeiras	122.136.612	89,1%
Operacións correntes	84.078.821	61,4%
Operacións de capital	38.057.791	27,8%
Operacións financeiras	14.910.428	10,9%
TOTAL	137.047.040	100,0%
GASTOS A CORUÑA		
Gastos funcionamento servizos (I, II)	68.915.753	50,3%
Xuros (III)	3.112.328	2,3%
Transferencias correntes (IV)	12.050.740	8,8%
Operacións de capital (VI, VII)	38.057.791	27,8%
Operacións financeiras (VIII, IX)	14.910.428	10,9%
TOTAL	137.047.040	100,0%



**CLASIFICACIÓN POR PROGRAMAS DE GASTO
(Orzamentos sen consolidar)**


Área de gasto	Política de gasto	PONTEVEDRA
1 SERVICIOS PÚBLICOS BÁSICOS		2.876.496,00
	13 Seguridade e mobilidade cidadá	1.410.126,00
	15 Vivenda e urbanismo	1.293.866,00
	16 Benestar comunitario	
	17 Medio ambiente	172.504,00
2 ACTUACIÓNS DE PROTECCIÓN E PROMOCIÓ SOCIAL.		16.340.540,00
	21 Pensións	250.200,00
	22 Outras prestacións económicas a favor de empregados	1.419.400,00
	23 Servizos Sociais e promoción social	13.478.347,00
	24 Fomento do Emprego	1.192.593,00
3 PRODUCCIÓN DE BENS PÚBLICOS DE CARÁCTER PREFERENTE		20.931.652,00
	31 Sanidade	18.000,00
	32 Educación	1.875.965,00
	33 Cultura	12.470.826,00
	34 Deporte	6.566.861,00
4 ACTUACIÓNS DE CARÁCTER ECONÓMICO		37.617.817,00
	41 Agricultura, Gandeiría e Pesca	5.646.443,00
	42 Industria e enerxía	27.500,00
	43 Comercio, turismo e PEMES	7.635.451,00
	44 Transporte público	
	45 Infraestruturas	24.056.371,00
	46 Investigación, desenvolvemento e innovación	32.000,00
	49 Outras actuacións de carácter económico	220.052,00
9 ACTUACIÓNS DE CARÁCTER XERAL		35.404.716,00
	91 Órganos de goberno	5.028.251,00
	92 Servizos de carácter xeral	12.090.250,00
	93 Administración financeira e tributaria	2.800.807,00
	94 Transferencias a outras Administracións Públicas	15.485.408,00
0 DÉBEDA PÚBLICA		14.828.779,00
	01 Débeda Pública	14.828.779,00
	TOTAL	128.000.000,00



ESTADO DE GASTOS											
CAPÍTULOS	ORZAMENTO DEPUTACIÓN	ESCOLA UNIVERSITARIA DE ENFERMERÍA	CAIXA ANTICIPOS DE COOPERACIÓN	PATRONATO DE TURISMO RÍAS BAIXAS	ESCOLA DE CAMTEIROS	I.P.E.S.P.O.	MUSEO PROVINCIAL	ORAL	TOTAL BRUTO	DEDUCCIÓN TRANSF. INT.	TOTAL CONSOLIDADO
I. GASTOS DE PERSOAL	35.464.900,0	430.000,0	27.000,0	743.646,0	296.005,0	85.860,0	2.323.577,0	5.154.040,0	44.523.728,0		44.523.728,0
II. GASTOS DE BENS CORRENTES	19.386.740,0	45.400,0	23.000,0	526.333,0	275.120,0	103.750,0	1.543.332,0	2.517.750,0	24.392.025,0		24.392.025,0
Gastos funcionamento dos servizos	54.827.646,0	478.400,0	50.000,0	4.263.973,0	570.423,0	682.206,0	3.667.803,0	7.677.790,0	66.906.783,0		66.906.783,0
III. GASTOS FINANCIEROS	2.891.751,0	100,0	0,0	100,0	20,0	163.856,0	1,0	56.800,0	3.112.328,0		3.112.328,0
IV. TRANSFERENCIAS CORRENTES	19.167.968,0	0,0	0,0	1.575.000,0	83.800,0	0,0	55.070,0	73.200,0	20.945.048,0	8.894.308,0	12.050.740,0
TOTAL OPERACIONES CORRENTES	76.871.359,0	475.500,0	50.000,0	2.845.079,0	653.945,0	352.866,0	3.922.580,0	7.801.800,0	92.973.129,0		92.973.129,0
VI. INVERSIONS REAIS	26.490.615,0	3.000,0	0,0	115.500,0	23.000,0	717.134,0	201.602,0	276.000,0	27.826.851,0		27.826.851,0
VII. TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	12.460.698,0	0,0	0,0	90.000,0	0,0	0,0	0,0	0,0	12.550.698,0	2.319.658,0	10.230.940,0
TOTAL OPERACIONES DE CAPITAL	38.951.213,0	3.000,0	0,0	205.500,0	23.000,0	717.134,0	201.602,0	276.000,0	40.377.449,0		40.377.449,0
TOTAL OPERACIONES NON FINANCIERAS	115.822.572,0	478.500,0	50.000,0	3.060.579,0	676.945,0	1.070.000,0	4.124.182,0	8.077.600,0	133.350.578,0	11.213.966,0	122.136.612,0
VIII. VARIACION ACTIVO FINANCIERO	240.400,0	0,0	1.740.000,0	8.000,0	6.000,0	0,0	20.000,0	64.000,0	2.078.400,0		2.078.400,0
IX. VARIACION PASIVO FINANCIERO	11.937.028,0	0,0	0,0	0,0	0,0	895.000,0	0,0	0,0	12.832.028,0		12.832.028,0
TOTAL OPERACIONES FINANCIERAS	12.177.428,0	0,0	1.740.000,0	8.000,0	6.000,0	895.000,0	20.000,0	64.000,0	14.910.428,0		14.910.428,0
TOTAL GASTOS	129.000.000,0	478.500,0	1.790.000,0	3.068.579,0	682.945,0	1.965.000,0	4.144.182,0	8.141.800,0	148.261.006,0	11.213.966,0	137.047.040,0

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
ORZAMENTO DE GASTOS



CAPITULOS	2010		Increm. % Interanual	2011	
	IMPORTE (€)	%		IMPORTE (€)	%
OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS					
I. Gastos de Persoal	42.980.822	28,0	3,6	44.523.728	32,5
II. Compras de Bens Corr. e Servizos	24.226.654	15,8	0,7	24.392.025	17,8
<i>Gastos funcionamento dos servizos</i>	67.207.476	43,9	2,5	68.915.753	50,3
III. Intereses	2.333.776	1,5	33,4	3.112.328	2,3
IV. Transferencias Correntes	11.829.376	7,7	1,9	12.050.740	8,8
Operacións Correntes	81.370.628	53,1	3,3	84.078.821	61,4
VI. Investimentos Reais	48.999.406	32,0	-43,2	27.826.851	20,3
VII. Transferencias de Capital	10.350.154	6,8	-1,2	10.230.940	7,5
Operacións de capital	59.349.560	38,7	-35,9	38.057.791	27,8
Operacións non financeiras	140.720.188	91,8	-13,2	122.136.612	89,1
OPERACIÓNS FINANCEIRAS					
VIII. Variación Activos Financeiros	2.288.400	1,5	-9,2	2.078.400	1,5
IX. Variación Pasivos Financeiros	10.232.028	6,7	25,4	12.832.028	9,4
Operacións financeiras	12.520.428	8,2	19,1	14.910.428	10,9
TOTAL GASTOS	153.240.616	100,0	-10,6	137.047.040	100,0



PONTEVEDRA
GASTOS DE PERSOAL

Millóns de euros



	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	Inc. interanual medio
Pontevedra	22,8	24,9	29,0	33,3	35,1	38,2	41,4	44,7	43,0	44,5	7,7%
Galicia	90,2	96,6	104,0	112,6	118,7	127,5	140,1	145,5	147,4	142,1	5,2%



PONTEVEDRA
OPERACIÓNS DE CAPITAL

Millóns de euros

	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	Inc. interanual medio
Pontevedra	58,2	55,0	63,0	70,7	65,4	98,6	77,0	90,3	59,3	38,1	-4,6%
Galicia	181,4	180,6	185,0	208,1	242,8	245,9	244,3	258,4	202,6	126,4	-3,9%



II.2.7. VARIABLES DE GASTOS

O total de gastos coincide co total de ingresos ao presentarse os orzamentos equilibrados, e presentan unhas cifras de gastos de persoal (capítulo I) de 51€/habitante de media de Galicia, situándose por enriba deste dato as cifras dos orzamentos de Lugo e Ourense, as provincias de menor poboación, con 75 e 93€/hab. respectivamente. A Coruña foi a que presentou a menor cifra de gastos de persoal por habitante, con 35€/hab.

No tocante ao peso relativo deste capítulo na composición dos gastos, dicir que presenta unha media do 29,8%, superada amplamente na Deputación de Ourense co 42,5% do seu orzamento destinado ao pagamento dos gastos de persoal, e no orzamento de Pontevedra, cun 32,5% sobre o total de gastos.

No outro extremo sitúase o dato da Coruña, co 23% dos seus gastos en aboamento do persoal ao servizo da corporación provincial.

As cifras do total por operacións correntes (capítulos do I ao IV) presentan unha tendencia similar aos gastos de persoal, xa que foron as cifras de Lugo e Ourense, ambas con 168 €/hab., as que superaron a media, que se sitúa nos 110€/hab; mentres que Pontevedra presenta a menor cifra das catro, con 87 €/hab.

Como consecuencia do elevado peso dos gastos de persoal na composición de gastos, foi na Deputación de Ourense onde se reflectiu a maior porcentaxe de gastos correntes sobre o total, cun 76,4%, que foi a única que tivo maior porcentaxe que a media de Galicia, 64,7%.

No tocante aos gastos de capital, a única deputación cuxo orzamento presentou unha cifra maior que a media de Galicia foi a de Lugo malia o importante recorte experimentado en 2011, cun resultado de 69 €/hab, 24 euros máis ca media de Galicia, de 45 €/hab. Os datos das outras son 44€/hab. e 40€/hab. da Coruña e, Ourense e Pontevedra coa mesma cifra, respectivamente.

Os pesos relativos destes gastos na composición do orzamento foi dispar, xa que a media de Galicia soamente foi superada pola cifra da Coruña, cun 29%, presentando Lugo e Ourense cifras moi preto entre si e coa media de Galicia, 26,3% e 27,8% respectivamente.

Como reflexo do elevado peso dos gastos correntes, o orzamento de Ourense é o que presenta a menor porcentaxe de gastos destinados aos investimentos no seu orzamento inicial, co 18,1%.

Por último, a cifra de operacións financeiras (capítulos VIII e IX) do orzamento da Deputación de Lugo é a máis alta das catro xa que, con 25 €/hab., supera en 10 euros á media de Galicia, que é o mesmo dato que se consigna en Pontevedra, reflectíndose na Coruña e Ourense unha cifra lixeiramente inferior e semellante, con 13 e 12 €/hab. respectivamente.

No tocante á porcentaxe destes gastos foron os orzamentos de Pontevedra e Lugo os de maior dato, co 10,9 e o 9,6% dos seus respectivos orzamentos destinados ás variacións dos seus activos e pasivos financeiros; mentres que no outro extremo, a de Ourense presentou a menor porcentaxe co 5,5%.

VARIABLES E RATIOS ECONÓMICO-FINANCIERAS
GASTOS

Euros por habitante e porcentaxes

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Gastos Totais	153	262	220	142	171
Gastos de Persoal (Cap I)	35	75	93	46	51
% GPI/GT	23,0%	28,5%	42,5%	32,5%	29,8%
Operacións Correntes (I ao IV)	96	168	168	87	110
% OC/GT	62,7%	64,1%	76,4%	61,4%	64,7%
Operacións de Capital (VI+VII)	44	69	40	40	45
% OC/GT	29,0%	26,3%	18,1%	27,8%	26,5%
Operacións Financeiras (VIII+IX)	13	25	12	15	15
% OF/GT	8,3%	9,6%	5,5%	10,9%	8,9%

Variables de Gastos (per capita)

